

Paseo literario organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e o Concello de Santiago

22.11.2012

SANTIAGO. EP

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e o Concello de Santiago, organizarán este sábado, día 24, un paseo literario pola cidade.

En concreto, a escritora Marilar Aleixandre será a encargada de guiar o paseo, que sairá ás 12.00 horas de diante do Hostal dos Reis Católicos.

Para participar neste itinerario non é necesaria unha inscrición previa, senón que os interesados deberán unicamente achegarse ao Hostal dos Reis Católicos ao seu inicio. Durante o percorrido poderá coñecerse un pouco máis da historia e da tradición literaria de Compostela